



Resumo da reunión Xerencia-representación da Xunta de Persoal realizada o día 26 de marzo

- [Asínase o acordo de cese do persoal interino derivado da toma de posesión do concurso de méritos.](#) Segundo os cálculos da Xerencia a resolución do concurso publicarase no DOG do día 16 de abril, producíndose os ceses o día 10 de abril.
- O xerente comunica que na reunión do Consello de Goberno do día 3 de abril presentará unha modificación parcial da RPT (condicionada á aprobación da Consellería de Facenda) que contemplará o barrado ao grupo A2 das prazas que no concurso corresponden ser ocupadas polas traballadoras e traballadores que superaron o correspondente proceso de promoción. Esta modificación presentarase, tamén, para a súa aprobación no Consello Social previsto para o día 26 de abril. A Xerencia entende que a mediados do mes de maio rematará o proceso coa toma de posesión das traballadoras e traballadores.
- A Xerencia retira da orde do día do vindeiro Consello de Goberno, que se realizará o día 3 de abril, o proxecto de modificación da RPT que incluía como xeito de provisión o concurso específico exclusivamente para prazas da escala técnica. A Xerencia presenta unha nova proposta na que só se modificaría a RPT para incluír o concurso específico, como xeito de provisión, nas prazas con denominación de xefatura de servizo. O xerente traslada á negociación das bases das convocatorias dos concursos as condicións específicas do resto das prazas.

A Xunta de Persoal desconvoca o paro e as concentracións previstas para o día 3 de abril

Trala reunión coa Xerencia, os sindicatos e agrupación electoral que convocamos o paro e concentracións o día 3 de abril decidimos proceder á desconvocatoria das medidas de presión acordadas.

O cambio de posición adoptado pola Xerencia ao reconsiderar a súa proposta, retirando da orde do día do Consello de Goberno do día 3 de abril a modificación da RPT para establecer o concurso específico en determinadas prazas, presentando unha proposta, suxeita a negociación, na que se limita a modificación da RPT para incluír como xeito de provisión o concurso específico nas prazas de xefatura de servizo, deixando á negociación das bases do respectivo concurso de criterios específicos para as prazas que se acorde, abre un novo camiño nas negociacións que é obrigado explorar.

Visto, polo tanto, que se abren novas posibilidades de negociación. A Xunta de Persoal desconvoca o paro parcial e as concentracións previstas para o día 3 de abril.

Saúdos

Xosé Portela

Pte. da Xunta de Persoal de Administración e Servizos.